



Foro Territorio Rural Resiliente

SANTIAGO DE COMPOSTELA 28/05/26

MESA 4

Persoas, poboación e actividades no rural

Documento de partida

Coordina: Fundación Roberto Rivas

ORGANIZA



Fundación
Juana de Vega

USC LABORATE
LABORATORIO DO TERRITORIO

COLABORA



FUNDACIÓN
ROBERTO RIVAS



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA

RIA



Autoras: Olga Rivas Iglesias, Vanessa Loureiro e Cecilia Márquez.

Contenido

1. Obxecto e finalidade do documento	4
2. ANTECEDENTES:	6
3. DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL NO SECTOR AGROPECUARIO	9
4. OBSTÁCULOS PARA O RELEVO NO SECTOR AGROPECUARIO:	14
4.1. Barreiras económicas	14
4.2 Barreiras educativas/formativas	15
4.3 Barreiras Tecnolóxicas	15
4.4 Carencia de Apoio económico e de acceso a terra	16
4.5 Formación	17
4.6 Identificación de barreiras	17
4.7 Apoios e como se valoran:	18
5. TENDENCIAS E RETOS NO SECTOR AGROGANDEIRO. ESCENARIOS. PROPOSTAS PARA A ACCIÓN	19
6. OUTROS SECTORES E ACTIVIDADES QUE TEÑEN IMPACTO NA PROMOCIÓN DUN TERRITORIO RURAL MAIS RESILIENTE.	20
7. BOAS PRÁCTICAS:	23
7.1. BOAS PRÁCTICAS NO SECTOR AGROGANDEIRO	23
7.2. BOAS PRÁCTICAS NOUTROS SECTORES E ACTIVIDADES	24
8. CONCLUSIÓN:	25
9. ALGUNHAS REFERENCIAS PARA AMPLIAR O ANÁLISE POR SECTORES:	27
9.1. SECTOR MAR:	27
9.2. SECTOR GANDEIRO:	28
9.3. SECTOR FORESTAL	28
9.4. SECTOR AGRÍCOLA:	29
10. REFERENCIAS NORMATIVAS SOBRE O TEMA:	30
11. REFERENCIAS BIBLIOGRAFICAS DO PRESENTE DOCUMENTO:	31
12. PREGUNTAS PARA A MESA:	32



Documento de partida “Persoas, Poboación e Actividades no Rural”



Mesa 4

“PERSOAS, POBOACIÓN E ACTIVIDADES NO RURAL”

1. Obxecto e finalidade do documento

O presente documento de partida ten como finalidade establecer unha base común para a reflexión da Mesa de **“PERSOAS, POBOACIÓN E ACTIVIDADES NO RURAL”** no marco do Foro Territorio Rural Resiliente.

O presente documento non pretende formular medidas executivas nin anticipar conclusións pechadas. De feito esta mesa ten como **obxectivo** promover unha reflexión compartida sobre o rural galego poñendo o foco na **remuda xeracional agrogandeira** como principal actividade de xestión activa do territorio, sen perder de vista as dimensións clave que condicionan a retención e atracción de poboación, como o acceso á vivenda, a mobilidade e a dispoñibilidade de servizos básicos.

Interésanos poñer foco en todas as **actividades agropecuarias como motor principal da economía rural, vinculadas ás cadeas de valor alimentaria, a principal actividade que propicia unha axeitada xestión do territorio e permite conservar a capacidade de resiliencia do mesmo.**

As **actividades agropecuarias** son todas aquelas actividades económicas do sector primario que combina a agricultura (cultivo da terra de produtos vexetais) e a gandería (cría de animais). Abarca a explotación directa de recursos naturais e inclúen o sector forestal e a apicultura.

Compoñentes:	Finalidade:	Sistemas:
➤ Subsector Agrícola: Inclúe a sembra, cultivo e colleita de cereais, froitas, hortalizas e plantas de forraxe. ➤ Subsector Pecuário: Comprende cría, manexo e sacrificio de animais (vacún, porcino, ovino, avícola) para carne, leite, lá e outros produtos.	➤ Produción de alimentos (para o consumo humano) – Cadea de valor alimentaria / Soberanía alimentaria. ➤ Materias primas (para a industria)	➤ Intensivos: Alta tecnoloxía e inversión ➤ Extensivos: Gran superficie e menor exigencia de tecnoloxía



De xeito complementario, ademais de poñer o foco no sector agrogandeiro, imos deixar constancia neste documento doutros sectores e actividades que teñen impacto significativo na promoción dun territorio rural mais resiliente.

A **resiliencia territorial** debe entenderse como a capacidade do sistema territorial para adaptarse, reorganizar funcións e reducir vulnerabilidades estruturais nun contexto de cambio demográfico, climático e funcional. Esta aproximación é coherente cos enfoques actuais de planificación territorial e adaptación ao cambio climático, que apostan por políticas diferenciadas e adaptadas ás condicións reais de cada territorio, fronte a modelos uniformes ou orientados á restitución de situacións previas.

A mesa non é un espazo sectorial nin técnico-administrativo, senón un ámbito de reflexión, para destacar boas prácticas e iniciativas destacadas no territorios rurais que sirvan como exemplos de territorios resilientes ou que se constitúan como referentes para orientar e definir o marco conceptual e estratéxico que debe guiar a ordenación e xestión do territorio rural galego nas próximas décadas.

As aportacións desta mesa de traballo, xunto coas outras, contribuirán ao obxectivo principal do Foro que non é outro que contribuír á mellora da ordenación territorial e da xestión da terra (no medio rural) en Galicia co fin de avanzar cara o desenvolvemento dun medio rural dinámico e resiliente ao lume e aos impactos do cambio climático.

Os **obxectivos específicos do Foro** son:

- Aumentar e promover a cohesión da masa crítica de axentes e organizacións sensibilizadas e mobilizadas para avanzar nunha visión territorial resiliente e xusta.
- Consolidar a diagnose da problemática territorial que dá orixe á vulnerabilidade fronte aos grandes lumes
- Reflexionar sobre o estado actual dos instrumentos de ordenación territorial e xestión de terras, cunha atención especial aos usos no rural
- Mellorar a coordinación público-privada e institucional no deseño e execución de políticas activas
- Visibilizar e poñer en valor experiencias de éxito na recuperación da xestión do espazo rural
- Identificar e consensuar liñas de traballo prioritarias para recuperar a xestión activa do espazo rural, en particular con usos agrogandeiros



2. ANTECEDENTES:

Según o Foro Económico de Galicia, o **relevo xeracional no sector agropecuario galego durante o século XX** caracterizouse por unha transición lenta e despois acelerada dende a agricultura de subsistencia á modernización gandeira (especialmente láctea), impulsada polos axentes de extensión agraria nos anos 50. A transformación tivo o seu forte na produción intensiva, sobre todo no interior da Coruña, Lugo e norte de Pontevedra.

Puntos clave da evolución:

- **Transformación inicial (anos 50-60):** A modernización chegou da man dos axentes de extensión agraria, introducindo maquinaria e novas técnicas, superando a etapa de mera subsistencia.
- **Foco na gandeiría:** Galicia posicionouse como potencia láctea, baseándose na intensificación da produción, pero cunha forte dependencia do penso externo polo limitado cultivo propio.
- **Relevo lento:** Aínda que houbo unha transición á profesionalización, o sector sufriu historicamente deficiencias estruturais, manténdose moitas explotacións na agricultura familiar ou máis tradicional fóra das zonas intensivas.
- **Cambio de século:** A evolución finalizou cara a un modelo máis tecnificado e innovador, enfrontando o reto de garantir a continuidade familiar ante a emigración e o avellentamento da poboación rural.

Aínda que a produción aumentou, o sector agropecuario galego no século XX enfrontou unha **tardía e abrupta redución do censo agrario**, que condicionou a incorporación de novas xeracións.

CADRO 1. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN OCUPADA NO SECTOR AGRARIO EN GALICIA E EN ESPAÑA 1985-2024

	GALICIA		ESPAÑA	
	Número (miles)	Índices (1985=100)	Número (miles)	Índices (1985=100)
1985	415,1	100,0	1.829,6	100,0
1995	223,9	53,9	1.040,1	56,8
2008	69,8	16,8	779,4	42,6
2009	67,0	16,1	745,5	40,7
2010	66,0	15,9	749,1	40,9
2011	64,8	15,6	721,3	39,4
2012	59,3	14,3	703,5	38,5
2013	56,3	13,6	699,3	38,2
2014	49,1	11,8	702,4	38,4
2015	45,6	11,0	705,0	38,5
2016	49,2	11,9	738,0	40,3
2017	55,4	13,3	778,8	42,6
2018	52,3	12,6	772,9	42,2
2019	49,9	12,0	758,1	41,4
2020	49,4	11,9	723,9	39,6
2021	48,5	11,7	782,4	42,8
2022	50,6	12,2	760,8	41,6
2023	54,6	13,2	731,4	40,0
2024	53,8	13,0	719,9	39,3

Fonte: INE e IGE, Enquisa de poboación activa.

Tamén según o Foro Económico de Galicia, o **relevo xeracional no agro galego no século XXI** enfróntase a unha crise estrutural: máis do 70% dos titulares de explotacións agrarias e gandeiras enfróntanse á xubilación a curto prazo. O sector, que conta con preto de 50.000 persoas traballando, presenta un gran avellentamento, xa que só o 12% dos titulares teñen menos de 40 anos.

No caso galego trátase dunha cuestión moi relevante a medio prazo, desde diferentes puntos de vista: económico (futuro de Galicia como produtora de alimentos); social (para o tecido socioeconómico das áreas rurais); ambiental (conservación dos recursos naturais, a paisaxe e a biodiversidade); territorial (xestión do territorio e dos usos da terra nas distintas zonas da nosa xeografía).

O volume actual da man de obra no sector agrogandeiro galego límitase a unhas 50.000 persoas, logo de catro décadas dunha caída tardía e abrupta.

A iso únese un forte envellecemento dos titulares de explotación, máis acusado que a media española e europea.



Así, das algo máis de 75.000 persoas xefes de explotación contabilizadas en Galicia polo Censo Agrario de 2020, só o 3,5% tiñan menos de 35 anos e o 8,7% de 35 a 44; mentres que a metade (48,3%) contaban con 65 ou máis anos e outro 23,4% estaban no intervalo de 55-64 anos.

En conxunto, o 71,7% das persoas á fronte dunha explotación estaban próximas ou xa superaban a idade de xubilación.

Este dato constitúe unha boa aproximación á intensidade que presenta o problema do relevo xeracional no sector. Iso acompañouse dun proceso de concentración e especialización das explotacións, que orixinou unha crecente diferenciación por estratos de tamaño e no plano territorial. Ao tempo, as formas societarias, con presenza significativa de man de obra asalariada, foron gañando peso.

Esas transformacións fixeron que o núcleo do sector agrario galego se teña concentrado en poucas comarcas e que o modelo tradicional de sucesión familiar sexa hoxe insuficiente para asegurar taxas de relevo axeitadas. A cuestión do relevo xeracional na agricultura, especialmente problemática en Galicia, é común a boa parte da UE. Por iso ten sido obxecto de atención na Política Agraria Común (PAC) desde fai décadas, aínda que só foi gañando importancia política co paso do tempo, especialmente no último decenio.



3. DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL NO SECTOR AGROPECUARIO

A integración da mocidade na actividade agropecuaria é crucial para asegurar a sustentabilidade e o futuro do sector en Europa.

Con todo, os mozos e mozas enfrentan múltiples barreiras que dificultan o seu acceso e permanencia na agricultura. Estas barreiras inclúen a **falta de acompañamento técnico**, a **capacitación**, o **acceso á terra** e o **financiamento** entre outros desafíos.

O Parlamento Europeo identifica que :

- En 2020, a maioría (**57,6 %**) **dos xefes de explotacións agrícolas (de calquera sexo) tiña 55 anos ou máis, só o 12 % aproximadamente dos xefes tiña menos de 40 anos** e que, destes últimos, case a metade tiñan entre 35 e 39 anos.
- Case todas as rexións da UE están a experimentar un **constante aumento dos tamaños medios das explotacións e unha concentración da produción** en explotacións máis grandes e menos numerosas.
- A agricultura segue sendo unha **actividade predominantemente familiar**, xa que en 2020 case nove de cada dez (o 86,1%) persoas que traballaban con regularidade na agricultura na UE eran o titular (agricultor) único ou un familiar deste por tanto a falta de substitución xeracional pode levar ao abandono de terras.
- En 2020, **o 72,3 % dos xefes de explotacións agrícolas da UE unicamente tiña experiencia práctica**, mentres que máis nada que o **10,2 % recibira unha formación agrícola completa** e o restante **17,5 % só unha formación agrícola básica**; que os agricultores novos tiñan niveis educativos máis altos como unha formación agrícola completa (o 21,4 % recibiran dita formación fronte ao 3,6 % dos maiores de 65 anos) e asistiran a cursos de formación profesional actualizados, tamén sobre métodos de explotación agrícola novos e innovadores. A pesar e esta mellora aínda existe unha brecha na formación e capacitación técnica necesaria para xestionar explotacións agrícolas modernas e sostibles.
- A **falta de infraestruturas adecuadas** e o **acceso limitado a tecnoloxías** avanzadas tamén limitan a competitividade dos novos agricultores.



En España o sector primario tamén é un dos sectores cunha gran necesidade de substitución xeracional. Para abordar este conflito o [Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación](#) elaborou unha [Estratexia de Relevo Xeracional](#) no sector agrícola co obxectivo de facilitar o traballo de elaboración do Plan Estratéxico da [Política Agraria Común](#) (PAC) do período 2023-2027 no ámbito do relevo xeracional.

España conta cunha proporción de novos agricultores e agricultoras das máis baixas da Unión Europea, para o que se pon de manifesto investir as tendencias actuais e garantir unha mellor oportunidade de emprego a mozos no medio rural, a través de reducir as barreiras de entrada e adoptar medidas específicas para diminuír a fenda de emprego entre homes e mulleres en zonas rurais.

Consideramos que tamén é importante incorporar a **perspectiva de xénero á hora de abordar a análise da remuda xeracional en Galicia**.

Segundo o documento citado anteriormente as “persoas mozas invisten máis nas súas empresas e contan cunha mellor formación”, pero “as explotacións de mulleres son máis pequenas, de menor dimensión económica e menos rendibles. Ademais, a medida que aumenta a dimensión económica da explotación, a presenza de mulleres diminúe. Este feito vese aínda máis acentuado se as mulleres son novas.”

A [Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia](#) é un documento lexislativo no que se recollen amplas disposicións en relación á igualdade entre mulleres e homes. Un apartado relevante, o título III, é o referido á [igualdade no emprego e nas relacións laborais](#) cun total de 51 artigos. E un aspecto destacable dentro da lexislación autonómica é o título V que “*contempla nun único artigo os dereitos das mulleres no desenvolvemento rural e do sector marítimo-pesqueiro, e, a tal fin, a Administración xeral da Comunidade Autónoma promoverá a aprobación dos seus respectivos estatutos*”. O artigo 147 dos dereitos das mulleres no rural e no mar, indica tres accións:

- Promoción do dereito á igualdade de trato e oportunidades en todos os ámbitos, sempre desde unha perspectiva interseccional.
- Consideración, no deseño e desenvolvemento das políticas públicas, as realidades específicas que afectan as mulleres destes sectores.
- Promoción do empoderamento e participación activa das mulleres a través da elaboración e aprobación dos seus respectivos estatutos.



Todos estes aspectos que son necesarios implementar para mellorar as condicións do sector primario, reducir a fenda laboral entre mulleres e homes e abordar o **relevo xeracional en sectores tradicionalmente masculinizados**.

A substitución xeracional é necesaria abordala cunha perspectiva integradora e contando con todos os axentes implicados da sociedade. É un reto ao que nos enfrontamos como sociedade e só debe ser revisonado con perspectiva de xénero e dunha forma inclusiva.

Por outra banda, o lado da **sucesión familiar clásica**, nos últimos anos asistimos en Europa a unha **atención crecente aos chama dos “novos entrantes”**, aquelas persoas que se incorporan á actividade agraria como titulares de explotación, sen facelo na explotación familiar e, na maioría dos casos, sen antecedentes familiares próximos no sector. A renovación xeracional esixe tanto que os mozos de orixe agraria sigan nesta vía profesional como que novos entrantes (**new comers**) se animen a incorporarse ao sector. Nese senso, as medidas de renovación xeracional no marco da PAC non foron até agora, en xeral, adecuadas para apoiar esta segunda vía.

A PAC vixente no actual período 2023-2027 inclúe o relevo xeracional como un dos nove obxectivos prioritarios. Ademais, acorde co “novo modelo de aplicación” desta política, baseado nos plans estratéxicos da PAC, enfatiza a necesidade de abordar este obxectivo cun enfoque integral, no que se coordinen as diferentes medidas financiadas pola PAC e tamén outros mecanismos e instrumentos a nivel estatal ou rexional, que son decisivos para apoiar o relevo en aspectos clave (por exemplo, o acceso á terra).

Esta nova visión está a incorporarse en España, coa elaboración da Estratexia de relevo xeracional para o sector agrario no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 de España (PEPAC).

Tamén en Galicia comezan a darse pasos nesa dirección. Despois de décadas sen un impulso político e un enfoque global do apoio ao relevo xeracional no sector, salvo pequenas excepcións, nos últimos anos estanse a impulsar iniciativas relevantes, ao menos potencialmente.

Así, como parte do proceso de elaboración do PEPAC 2023-2027, a Consellería do Medio Rural definiu unha estratexia de intervención no medio rural no horizonte de 2030. Redactada en 2021 co apoio da Universidade de Santiago de Compostela, a estratexia estableceu **oito liñas estratéxicas**, sendo a terceira o “Impulso ao relevo xeracional na agricultura”.



O apoio ao relevo articulábase a través de **catro subliñas**:

- acceso á terra e/ou a explotacións agrarias
- apoio á instalación e á creación de empresas agrarias
- formación, titorización e asesoramento
- sensibilización e información.

As novidades máis salientables postas en marcha polo de agora nese marco son:

- Algúns dos instrumentos regulados pola Lei 11/2021 de Recuperación da Terra Agraria de Galicia, como o Banco de Explotacións, coas “axudas á cooperación para a sucesión” como complemento;
- O reforzo do apoio á instalación, cunha nova liña para persoas de 40 a 55 anos
- Diversas accións para o reforzo do sistema de coñecemento e innovación agraria relacionado co apoio ao relevo, por exemplo mediante os programas de titorización ás persoas que se incorporan por parte dos servizos técnicos das Oficinas Rurais.

Esas medidas e outras moitas pendentes son fundamentais para abordar as barreiras que dificultan o relevo xeracional no noso sector agrario. Unhas barreiras ou condicionantes que son moi diversos e inclúen, entre outros, aspectos sociais, o acceso ao coñecemento e formación e o acceso á terra.

Pode resultar de interese para o presente análise que podamos definir la **CARACTERIZACIÓN DA MOCIDADE QUE TRABALLAN NO SECTOR AGROGANDEIRO**:

Baseámonos no estudo “**Sembrando futuro: Estrategias para la Incorporación de Jóvenes al Sector Agrogandeiro**” elaborado por Cecilia Márquez no 2024, resultados obtidos cunha mostra de 120 participantes entrevistados. Traballouse coa mocidade incorporada ao sector agropecuario galego procedentes de 32 concellos diferentes:

➤ **Idade e xénero:**

Da mostra de mozos que se estudou, o 11% eran menores de 20 anos, 33% de 21 a 30 anos e 55% de 31 a 40 anos.

En canto ao xénero, 19% de participantes identificáronse co xénero feminino, 78% con masculino e 3% preferiu non contestar



➤ Nivel educativo

A maioría de mozos que traballan na actividade agropecuaria 39% teñen un nivel técnico; 28% nivel universitario, 14% estudos secundarios, 11% posgrao e 8% finalizaron a súa formación regrada en primaria

➤ Ano de incorporación á actividade e Ingreso

En canto ao ano de incorporación, o primeiro incorporouse en 2007 e os últimos en 2024. Observase unha tendencia cara unha maior incorporación nos últimos anos.

En canto aos ingresos dos mozos e mozas, para o 83% a actividade agraria supón o seu ingreso principal e esta vía de entrada supón 95,7 % do total dos seus ingresos. Para os que non representa o seu ingreso principal, supón un promedio de 21,7 % dos seus ingresos. Un 8% centrase na actividade extensiva, outro 8% a intensiva e o 83% son horticultura, vacún de leite e carne, apicultura, ovinos e caprino de carne

➤ Rexistro en CRAEGA

Ademáis da mostra estudiada, o 36% están inscritos en CRAEGA e o 63% non están inscritos

➤ Sector Produtivo

En canto ao tipo de produción, o 42% traballan na intensiva e o 58% a extensiva. Nos casos nos que reportaron outras actividades como agroturismo, cunicultura e viveirismo, estas supoñen unha actividade complementaria á principal. E nun 30% dos casos teñen varias actividades produtivas



4. OBSTÁCULOS PARA O RELEVO NO SECTOR AGROPECUARIO:

- **Dificultades dos mozos (e mozas) para acceder a créditos e financiación** debido á falta de garantías e o risco percibido polas entidades financeiras.
- Falta de **acompañamento técnico**.
- **Necesidades de capacitación xeral sobre o sector e especializada e dixitalización**.
- **Dificultades de acceso á terra- Políticas públicas** levadas a cabo ou as que faltan por levar a cabo
- Falta de **infraestruturas e de conectividade das explotacións**.
- **Obstáculo demográfico: envellecemento e éxodo**.

Tendo en conta o estudo “**Sembrando futuro: Estrategias para la Incorporación de Jóvenes al Sector Agropecuario**”, aportamos os comentarios que fixeron os participantes, xa que entendemos que aportan matices e detalle cualitativo dos motivos que poden actuar como barreiras:

4.1. Barreiras económicas

- **Investimento inicial moi alta** (grandes investimentos que non se consiguen coa subvención, custos elevados de instalación):

Falta de fondos iniciais. Adelantar o capital íntegro antes de recibir subvención. Recurrir a préstamo familiar.
A subvencións non son acordes ao valor do imbenstimento
Costes de instalación moi elevados
Alta inversión económica
Financiamiento insuficiente
Gran investimento, dificultade de financiamento, reatraso no pago das axudas
Créditos para invertir en maquinaria, instalacións e compras de terras.
Política con erros de diseño, burocracia, desigualdad
O sistema de incorporación é antigo e caciquil. Eu comecei a actividade agraria de forma paralela ao meu traballo. Pasan os anos e consigo unha irrisoria PAC. Cando quero construír unha nave para poder expandir o negocio non podo facer incorporación porque "xa levo anos facturando", e tampouco podo ampliar con fondos da reserva porque tardei en facer o curso. Sen envargo, os fillos de gandeiros que van a universidade casualmente fan a incorporación e con ela mercan un piso, rematada a carreira tamén rematan a incorporación e cun piso.... Realmente non se ten unha forma de reparto equitativa e funcional. Os que somos legais finalmente non optamos a nada porque ou nos tiramos á piscina ou non temos subvencións. Sería interesante facer unha gráfica cantos fillos de gandeiros fan a incorporación e logo a deixan de novo aos seus pais. O que é incomprensible que cunha pequena explotación de 14Ha e tres en PAC non se aumente ao xoven e si a xente maior que tan só desbroza as parcelas para cobrar, ou simplemente alquilan os terrenos para que outros collan a herba e eles sigan a cobrar a PAC... Falta relación número de animais/extensión de terreo, falta de control institucional, etc, etc etc
Falta de recursos propios. Muchos problemas para obtener ayuda.
Falta de axudas ao relevo xeracional
Falta de axudas para promover a mocidade



Documento de partida “Persoas, Poboación e Actividades no Rural”

As subvencións son importantes pero toda a documentación que hai que presentar (proxectos , permisos, honorarios dos técnicos, etc.) levan parte da subvención e logo como tamén as hai que meter no irpf, volve facenda levar outra parte-
Por mor da miña idade non recibir “prastamos” bancarios
Non contar coa línea de axuda da PAC de xoven agricultor por ter cobrado outro mozo con anterioridade na mesma explotación
Gran investimento, dificultade de financiamento, reatraso no pago das axudas
Mala xestión de axudas e sempre poñendo ti cartos por diante sin ter a seguridade de que chos vaian devolver
Pagos de trámites e xestións

- Endeudamento:

Non dou pagado os préstamos que teño, así como os alugueres
Créditos para invertir en maquinaria, instalacións e compras de terras.
Dificultade para a financiación
Falta de recursos propios. Muchos problemas para obtener ayuda.
Dar pagado os préstamos que tiven que formalizar para iniciar a actividade
Financiamiento insuficiente
Por mor da miña idade non recibir “préstamos” bancarios

- Outros:

Precios elevados de maquinaria,
Non podo comprar unha vivenda, vivo cos meus pais
Altos custos a hora de construír ou ampliar construcións, dificultades para aumentar a base territorial

4.2 Barreiras educativas/formativas

- Barreiras de formación para a produción:

O curso de 250h de Guísamo non é suficiente.
Barrera formativa se esplicasen mais sobre os beneficios que poden Ter Unha ganadería ou agricultura,ou Unha formación sobre distintas subvencións
Non hai unha boa formación en agricultura ecolóxica (no meu momento ningunha)
Non hai oferta formativa seria para agricultura
Non había e aínda pouco hai en formación en agricultura ecolóxica
E necesario dar mais visualización a todo tipo de curso ou experiencia formativa e de fácil acceso
Non hai formación en agricultura ecolóxica
Falta formación da parte práctica da profesión. Por exemplo: inseminación de vacas, labores básicas de albañilería.

- Barreiras de formación para a xestión:

Barrera formativa se esplicasen mais sobre os beneficios que poden Ter Unha ganadería ou agricultura,ou Unha formación sobre distintas subvencións
Falta de asesoramento lexislativo
Burocracia
Ter que facer un curso de incorporación a actividade empresarial agraria cando eu tiña experiencia neste tipo de explotación porque me incorporei a ex

4.3 Barreiras Tecnolóxicas

Falta de provedores profesionais en Galicia e España para horticoltura.
Falta de maquinaria especializada en Galicia
Non manexo ben o ordenador
Mais ferramentas tecnolóxicas para a apicultura
VIVIR NUNHA ZONA RURAL DONDE NON HAI INTERNET, E TODO O PROCESO TEN QUE SER ONLINE
Nas aldeas a tecnoloxía funciona de forma calmada



Documento de partida “Persoas, Poboación e Actividades no Rural”

A administración con anos de retraso na aplicación das tecnoloxías. Os robots de ordeño funcionan con crotais electrónicos, O RD 786/2023 obriga, embargo, en extensión agraria non hai posibilidade de solicitar crotais electrónicos nin saben como funcionarán nin cando. A aplicación de control leiteiro non se pode importar/exportar datos a outros software de xestión...

4.4 Carencia de Apoio económico e de acceso a terra

Sobre a pregunta referida a cómo se pode mellorar ese apoio, estas foron as respostas recibidas:

Ingresando as axudas no momento da inversión
Prospectando o mercado laboral e identificando e apoiando ás persoas con perfil adecuado para o rural. Dar axudas a persoas válidas, ben sexa por...
Un mayor Apoyo económico
Subvencionar compra e aluguer de terras, e a compra de maquinaria de segunda man
Facilitando o acceso a financiación
Mayor adaptación a casuística de cada un
Simplificación de trámites administrativos
Reducindo a PAC.
Vivenda económica (prezo menor de 1000€), apoio por parte da comunidade, vehículo propio, cohesión social, transporte a localidade máis grande con...
O primeiro que se ten que ver é un corte de datos entre a Agraria con número de animais e extensión de terreo. Segundo un corte a nivel institucional, s...
mirar outros modelos para xente que comeza pouco a pouco e logo decide apostar forte. E sobre todo, non limitar aos que temos varios traballos, existe...
20... Da que pensar
Mejorando la atención y trato, el servicio y gestión.
Con maiores deducións impositivas durante os primeiros anos de actividade. Se para unha inversión de 200000 euros me dan unha subvención de...
65000 teño que pagar de irpf 12000, realmente compénsame?
subvencionando a compra de terras e maquinaria de segunda man
As axudas deben ser pensadas e implementadas para que se teña unha remada inicial os primeiros anos e axudar a poder facer investimentos na explot...
Con vivienda
Con menos presión burocrática por parte de Europa e nacional.
Control dos impostos que hai que pagar a causa das subvencións optidas
Apoio económico os 5 anos do compromiso da incorporación
Subvencionando compra e aluguer de terras, e maquinaria de segunda man
Dando máis facilidades aos xivenes w nn poñer tantos requisitos
Aumentando orzamento
AMPLIANDO O IMPORTE DAS SUBVENCIONS E QUE ESTIVERAN EXENTAS DE IRPF
Ofrecendo préstamos de diñeiro para acometer inversións de inicio na explotación, facéndose cargo a administración con unha liña de axudas para acc...
cobran as axudas aprobadas
Apois a longo prazo que ademais de producir, fixen poboación así como de investimentos vinculados á aplicación de tecnoloxía
Deixarse de tanta burocracia e axudar de verdade e darlle máis posibilidades a hora de enfrentarse a problemas burocráticos e económicos

Sobre a pregunta referida ao acceso a terra, estas foron as respostas recibidas:

Minifundismo
É un problema moi serio. As persoas que abandonan a actividade prantan eucaliptos en lugar de deixar que outras persoas traballen as súas terras
Escasez e un alto custo económico. Aparte do minifundio de Galicia
Porque é unha necesidade para calquera iniciativa gandeira
Moitos eucaliptos
Non existe un plan público de mobilización de terras en zonas abandonadas nin en tensionadas. Administración ten que intermediar para garantir base t...
A PAC, no formato actual fomenta o acaparamento de terras e enmascara as ineficiencias no sistema produtivo
Estou preto de santiago, non hai terra
Por exemplo, vaise facer un polígono agroforestal en Salvaterra de Miño, nunha zona pésima e que só serve para viño, neste caso para a "Quinta da l...
abandonada e sendo uns terrenos que se adaptan a calquera actividade agroforestal, non como a cacicada que queren facer.... E se inda por riba vivin...
Difícil acceder a terras, precios elevados.
Tes que comezar a actividade con moitas débedas, que arrastran o problema durante anos, non permitindo a viabilidade económica ata longo prazo
Senón eres unha persoa que herede unha explotación ou terra e imposible economicamente acceder a ela, non aí ningunha ferramenta como podería s...
decentemente que axude a iso
Porque moita xente prefere deixar as fincas con silvas e malas herbas a dalas a traballar a alguen
Necesitamos terras máis grandes para o gando
Porque as explotacións necesitan de base territorial para poder desenvolver os seus proxectos
Falta de concentracións parcelarias



Documento de partida “Persoas, Poboación e Actividades no Rural”

Terras en semi abandono, plantación indiscriminada ...
Se non hai terra non hai posibilidade de crecemento
É a base da actividade. Os maiores xubiláanse e a xente que marcha da aldea, pranta eucaliptos indiscriminadamente. Ou mercas a finca ou non hai f... préstamos.
Pola demanda sa mesma
É un factor limitante
sen terra é imposible facer unha explotación rendible
Desconfianza dos propietarios, moitos deles ademais son antigos produtores xubilados que declaran eles mesmos a PAC, facendo que eu entre en ile... parcelas que traballo. Ademais non podo aplicar fitosanitarios ao non poder asentelos. Existen parcelas de propietarios descoñecidos que por esta circun... nin permuta. Urxe a actualización dos datos catastrais. Sigue sendo necesaria a reestruturación da propiedade, sería útil abrir os polígonos agroforestal...
Pola falta de terreos según a situación xeográfica e a mala xestión da PAC
Pq hai. Moitas terras abandonadas q podían deixalas traballar . E moito monte . Solo q poñen moitas trabas, sobre todo no monte q non deixan desbrozar... matorral.
Os que responderon que o acceso a terra non é unha dificultade, argumentaron do seguinte xeito: Porque nesta zona déixanche as terras con tal de que a... Nos vindeiros anos, e xa agora en zonas coma a miña, vanse a dar moitas xubilacións, e terra vai sobrar
Ese non é o problema principal do sector primario en Galicia.
Na miña zona non por agora
Estan cerrando moitas explotacións deixando moita terra

4.5 Formación

Preguntouse aos participantes se tiveron acceso a formación ou capacitación técnica relacionada coa súa actividade. O 80% dos participantes responderon de xeito afirmativo e un 19% responderon que non. A quen respondeu afirmativamente solicitóuselles que valorasen esa formación de 1 a 5 sendo 1 moi mellorable/ 5 moi positivo. A distribución das respostas dá conta de que as experiencias foron diversas; tamén diversa a calidade das mesmas.

4.6 Identificación de barreiras

Solicitouse aos participantes que seleccionasen cales cren que son as principais barreiras para que os mozos incorpórense ao sector agropecuario, cunha lista precargada da cal podían escoller ata 6, coa posibilidade de seleccionar 5 e agregar outra.

As barreiras ou dificultades máis seleccionadas foron: as barreiras burocráticas a principal, o elevado risco e vulnerabilidade do sector en segundo lugar e a falta de acompañamento na etapa inicial a terceira. Ademais, no apartado outros, os participantes mencionaron as seguintes barreiras:

Dificultade para a conciliación familiar e social

Falta de acceso a axudas para a incorporación

Falta de acceso á terra

Falta de coñecemento dous fundamentos económicos dunha empresa

Non subvencionar alugueres e compra de terras nin maquinaria de segunda man.



Perda de privilexios da cidade como socializar

Substitución xeracional moi complexa

Trámites da administración para producións a pequena escala que piden requisitos como para industrias.

Viaxar e tempo libre.

4.7 Apoios e como se valoran:

A continuación, preguntouse aos participantes que tipo de apoio consideran máis útil para os que queren incorporarse ao sector agropecuario.

Nesta pregunta brindáronse unha serie de opcións e permitíuselles seleccionar ata 5, ou 4 e agregar unha nova.

Respecto ós apoios que os mozos consideran máis necesarios, en primeiro lugar, atópase a “Redución de trabas burocráticas e xustificación das axudas”, en segundo lugar os “programas de formación técnica e acompañamento en extensión agraria” e en terceiro lugar “apoio económico a unha renda mínima inicial”.

No campo de “outros” seleccionaron as seguintes respostas:

Acceso a préstamos bonificados

Adaptar as axudas a un itinerario de 3 anos ou menos e non condicionar ao mozo para que non poida compaxinar con outras actividades económicas e poder ser menos dependente de subvencións.

Créditos bonificados.

Destinar os mesmos fondos de comunicación e márketing que se destinan por exemplo a promocionar ou Camiño de Santiago a captar e reter talento non rural.

Volver ou rural unha opción atractiva que compita co estivo de vida da cidade.

Tipo "I want you for us army" pero para a aldea. Á larga sairá mellor para Galicia e os galegos.

Impulso a cooperativas e a incorporación de mozos e mozas a cooperativa

Intermediación pública non mercado da terra e na contratación de persoal estranxeiro nos seus países de Orixe

Subvencionar compra de terras e maquinaria de segunda man subvencionar compra e aluguer de terras e maquinaria de segunda man

Acceso a novas tecnoloxías e innovación



Posta en contacto con técnicos alleos á administración pública, que che aconsellen que medidas implementar, e que investimentos priorizar para así evitar inversións non rendibles e maximizar o beneficio das que se executen

5. TENDENCIAS E RETOS NO SECTOR AGROGANDEIRO. ESCENARIOS. PROPOSTAS PARA A ACCIÓN

Propostas para a acción: (Parlamento Europeo, 2023).

- Implementar políticas que promovan o acceso a terra, como incentivos fiscais para a venda ou arrendamento de terras a persoas mozas agricultoras e deste xeito frear o círculo vicioso
- Establecer fondos de garantía e microcréditos específicos para mozos, así como fortalecer o acceso a subsidios y axudas da Política Agrícola Común (PAC). (Parlamento Europeo, 2023)
- Propoñen unha liña de programas de formación e asesoramento técnico, facilitando o acceso á innovación e novas tecnoloxías
- Promover as inversións en infraestruturas rurais e na dixitalización do sector agropecuario (e forestal).

Recomendacións Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, 2024: (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, 2024):

- Medidas de apoio financeiro (para primeira instalación e para mozos)
- Fomento ao emprendemento (con programas de formación empresarial e incubadoras de empresas agropecuarias)
- Desenvolvemento de infraestruturas rurais e adopción de novas tecnoloxías.

Política Agraria Común (PAC), propón: (Informe sobre o plan estratéxico da PAC, 2021)

- Unha serie de pagos directos e apoios específicos para mozos, que nalgúns casos poden representar hasta po 50% dos ingresos anuais de un xoven agricultor durante os primeiros anos.
- Propón un Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) con medidas específicas para apoiar a instalación de xóvenes agricultores e a modernización das súas explotacións.
- Activa unha dotación de máis de 8.000 millóns de euros para a modernización e sustentabilidade do sector agrícola no PDR 2021-2027.



6. OUTROS SECTORES E ACTIVIDADES QUE TEÑEN IMPACTO NA PROMOCIÓN DUN TERRITORIO RURAL MAIS RESILIENTE.

Outras actividades clave que impactan nos espazos rurais e na súa capacidade de resiliencia son os seguintes:

Servizos ás persoas e de coidados: actividades de apoio directo, xa sexan públicas ou privadas, destinadas a satisfacer necesidades vitais, mellorar a calidade de vida e fomentar o benestar. Inclúen atención á dependencia, coidado de nenos e nenas, apoio nas tarefas domésticas, limpeza, atención sanitaria e apoio social, enfocándose no ámbito persoal e do fogar.

Mobilidade: Constatamos déficits en alternativas de transporte público e privado, e mais cando buscamos alternativas de mobilidade sostible. Tamén falta de relevo nas licencias de taxi en zonas rurais.

Comercio local : moitas destas tendas satisfán as necesidades básicas que permiten manter a vida diaria nos contextos rurais, como son as panadarías, carnicerías, zapaterías e comercio local en xeral.

Outras iniciativas empresariais que, aínda que non xestionan directamente o territorio, son esenciais para manter persoas no rural.

Ademais é esencial que un territorio poda ofrecer os seguintes servizos básicos:

Servizos Sanitarios básicos/especializados de proximidade: Preferiblemente nunha distancia en torno os 30 – 60 minutos



Servicios Educativos Formativos: para todas as idades escolares de nenos e nenas e adolescentes, evitando o seu desprazamento lonxe do seu pobo de orixe; pero tamén proporcionando mellores conexións a ofertas formativas máis alá de secundaria (conexión coas universidades e oferta de FP ciclos superiores) . Inoculando nos nenos e nenas de secundaria e ciclo básico de FP o coñecemento de oportunidades que existen no rural para que se planteen manterse o reinstalarse unha vez terminados os seus estudos. Tamén incrementando/mellorando as súas capacidades e competencias orientadas á cultura emprendedora e impulsando o seu compromiso co seu territorio non só nas vacacións se non como escenario óptimo para desenvolver as súas carreiras profesionais.

Oferta de vivenda suficiente, dispoñible e accesible. Neste sentido pódese facer aínda moito, movilizandoo todo o parque de vivenda dispoñible e pechada que hai na actualidade, rehabilitándoas e mellorando a súa eficiencia enerxética (un nicho que pode ser a súa vez unha oportunidade para xerar novos empregos e perfís profesionais)

Oferta cultural e de ocio de calidade e diversa para todas as idades.

Promover o tecido asociativo, a participación e os valores democráticos nos territorios rurais, a promoción da identidade de pertencencia.

Coidar o papel das mulleres na promoción de oportunidades do rural xa que son elas as que deciden permanecer no territorio e con elas as persoas que están o seu cargo ou na súa contorna familiar.

Facer do territorio rural un espazo acolledor e integrador que proporcione un rol aos xóvenes pero tamén aos maiores e as persoas con necesidades especiais.

A conexión e o reequilibrio entre o rural e o urbano, poñendo en valor as contornas rurais e promovendo unha nova narrativa sobre o valor do rural e as oportunidades que nel se poden atopar.

Todos estes sectores e actividades son esenciais xa que a existencia e respaldo deste tipo de actividades contribúen a xerar sinerxías moi positivas, facendo os espazos rurais máis atractivos para as persoas e resilientes. Por este motivo pensamos que deben ser apoiadas e impulsadas desde iniciativas públicas e privadas.



En canto a ese impulso, desde a administración pública autonómica está resultando ter un gran impacto positivo a posta en marcha e consolidación da Rede de Polos de Emprendemento e apoio ao Emprego que veñe de ser despregada en todo o territorio galego con especial presenza nas zonas rurais, impulsando un emprendemento vencellado o territorio.

Esta Rede de Polos é parte integrante da Estratexia de Emprendemento Ligado ao Territorio da Xunta de Galicia, que, ten como obxectivo apoiar este tipo de iniciativas para manter un rural vivo e dinámico.

Tamén dentro dela cabe destacara o programa REMUDA: É un programa centrado en poñer en contacto a quenes venden ou alugan a súa empresa, con persoas interesadas en facerse cargo dela. A Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego ofrece un acompañamento para asesorar, axilizar e facilitar os procesos de remuda ou transmisión de negocios en funcionamento establecidos no territorio galego.

E tamén o programa RETORNA: A Xunta de Galicia impulsa no marco da nova Estratexia Retorna 2023-2026 un paquete de medidas co obxectivo de favorecer a integración no mercado laboral de kas persoas retornadas. En concreto e para o ámbito do emprendemento, a estratexia contempla no seu Obxectivo 25 a promoción do autoemprego, a integración laboral por conta allea e a creación de pemes por persoas galegas retornadas. A rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego ofrece apoio tanto ás persoas xa retornadas en Galicia como a aquelas que estando en orixe, contemplan o autoemprego como vía para o retorno.

A través do Bono Comercio e outras axudas e iniciativas da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Trátase dunha iniciativa para incentivar o comercio de proximidade. Cada cliente disporá como máximo dun bono desconto por un importe de ata 30€ que poderá empregar nun ou varios dos comercios retallistas adheridos ó programa.

Con todo elo, ordenado dentro deste Estratexia Ultraia Galicia se consegue o retorno de man de obra, que é un problema tamén no sector agropecuario, pero tamén en xeral, se fomentan a diversificación económica no medio rural, así como o mantemento ou atracción de nova poboación.



7. BOAS PRÁCTICAS:

7.1. BOAS PRÁCTICAS NO SECTOR AGROGANDEIRO

1. **PROXECTO DOWN TO EARTH**, co obxectivo de optimizar o uso de ferramentas e recursos, incluíndo fondos da política de cohesión, para fomentar o desenvolvemento sostible e fortalecer a resiliencia fronte a desastres en comunidades rurais de toda Europa. Down to Earth reúne a oito organizacións de distintas rexións europeas, todas con experiencia en redución do risco de desastres e desenvolvemento rural, lideradas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).

A misión céntrase en reter á poboación en zonas rurais e promover prácticas sostibles en sectores clave para deter a deterioración ambiental e mitigar riscos de maneira efectiva. (Down to Earth, 2024). Ou obxectivo de Down to Earth é que durante os catro anos de proxecto, abordaranse desafíos como os riscos ambientais ligados á despoboación, as barreiras para xóvenes agricultores, e as políticas para fortalecer o rol dos agricultores na loita contra o cambio climático.

Un elemento clave da metodoloxía é o aprendizaxe mutuo e o intercambio de experiencias interrexionais, o que fortalece a capacidade das autoridades locais e rexionais para afrontar os retos do cambio climático e promover un desenvolvemento rural sostible. Cada ano, os socios de Down to Earth producen informes rexionais que recompilan experiencias de seis zonas rurais de Europa, culminando en tres informes temáticos, sendo o do segundo ano o referido ás barreiras de acceso dos xóvenes ao sector agropecuario. (Down to Earth, 2024)

2. **AER ACROFARM**. Beatriz Rodríguez é unha muller nova que retorno ao rural tras unha experiencia urbana para poñer en marcha unha granxa ecolóxica cun enfoque integral no que se agrupa tanto o benestar animal como a alimentación saudable. Combina a Producción de agricultura e gandería con actividades divulgativas e a promoción da conexión consumidor – territorio.



3. **SEN MAIS**. Cooperativa de traballo asociado promovida por Ana Corredoira que envasa, transforma e comercializa leite e produtos derivados con certificación ecolóxica. Están situados en A Cernada, en Palas de Reis. Este proxecto busca promover prácticas sostibles e respetuosas co medio ambiente, garantindo a máxima calidade nos seus produtos. É un proxecto comprometido co territorio dende o punto de visca ambiental e social. Apostan polo vidro e reducen o uso de plásticos nos envases e nas embalaxes.
4. **CULTIVO GALEGO**. Esta iniciativa, promovida por Aitor Jamardo é agricultura ecolóxica e rexenerativa baseada no cultivo biointensivo, orientada a demostrar que pequenas superficies agrícolas poden ser economicamente viables, ambientalmente sostible e socialmente transformadoras.

7.2. BOAS PRÁCTICAS NOUTROS SECTORES E ACTIVIDADES

1. **KUDEA GO**: Ayuda a entidades locais a mejorar la movilidad de las personas en su localidad y comarca. KudeaGo! ES UNA plataforma de movilidad positiva para el medio rural.
<https://www.elaltojalon.es/texto-diario/mostrar/5477152/kia-impulsa-junto-repueblas-movilidad-sostenible-pueblos-mundo-rural-tambien-tiene-derecho-moverse>
2. **Bosque Escola de Educalecrín**: Educalecrín ofrece unha educación alternativa que conecta ás crianzas coa natureza e con elas mesmas, fomentando aprendizaxes vivenciais
3. **InmaCoida**: Ofrece coidados personalizados e centrados na persoa, según a demanda particular: Aseo, coidados básicos, administrar medicación, dar almorzoz.... Oo simplemente acompañar (escoita activa) xa que é esencial atender o plano emocional.
4. PontupStore asociación que aglutina iniciativas emprendedoras de toda Galicia y da visibilidad a emprendimientos ligados al territorio a través de un evento anual.
5. Foro Emprendimiento Rural, Este evento consolidouse como un espazo crave para o intercambio de ideas e a xeración de solucións innovadoras no ámbito do emprendemento rural, cun enfoque na sustentabilidade e a transformación das comunidades locais.
6. Centro Transformación Alimentos de Baroña / Aquí hai Rural
7. Mulleres da Estrada- Mulleres que podem / Asociación EntreMulleres (Mulleres de Paradanta)



8. CONCLUSIONES:

Identificáronse as seguintes barreiras e puntos de mellora:

Barreiras económicas destacou a alta inversión inicial, a falta de financiamento e a burocracia.

Barreiras educativas e formativas tamén son significativas, cunha falta de formación adecuada en áreas clave como a agricultura ecolóxica e a xestión empresarial.

Barreiras tecnolóxicas, son as que menos comentarios tiveron, pero se destacan algúns como a falta de provedores especializados, dificultades informáticas e o acceso limitado a internet en zonas rurais.

O apoio económico recibido es visto como mellorable, e as dificultades para acceder a terra, debido ao minifundismo e aos altos custos, son un desafío considerable.

Aínda que moitos mozos tiveron acceso a **formación técnica**, aínda que a formación é variada e preciso introducir melloras na calidade desta.

Quizá a sección máis destacable e a que as persoas mozas priorizan as barreiras que encontran na incorporación e lonxe de ser barreiras económicas, como se soe pensar, destácanse nos primeiros lugares as barreiras burocráticas como o principal obstáculo, seguida pola falta de acompañamento técnico e extensión agraria e no terceiro lugar aparecen o risco e a vulnerabilidade do sector.

Estes factores, xunto con as dificultades económicas e de acceso a terra, forman un complexo entramado de desafíos que requiren solucións específicas.

En resumo, propónse resolver esas barreiras identificadas mediante políticas inclusivas, de comunicación e formación para acompañar as trabas burocráticas, con programas de formación e acompañamento axeitado e apoio económico e tecnolóxico é necesario para garantir a sustentabilidade do sector agropecuario e motivar a máis as persoas mozas a incorporarse e permanecer nesta actividade esencial.

A integración dos mozos E MOZAS na actividade agropecuaria en Europa é un desafío multifacético que require accións coordinadas a nivel local, nacional e europeo. É fundamental implementar



políticas que aborden as barreiras económicas, estruturais e formativas para garantir a sustentabilidade do sector agropecuario e o relevo xeracional. Tamén incorporando a perspectiva de xénero.

Respecto a outras actividades esenciais para que un territorio rural sexa resiliente estarían os Servizos ás persoas e de coidados, Servizos de Mobilidade públicos e privados, a promoción do Comercio local e Outras iniciativas empresariais que, aínda que non xestionan directamente o territorio, son esenciais para manter persoas no rural.

Ademáis, deberíamos promover outro tipo de condicións que fan que un territorio sexa resiliente como os Servizos Sanitarios básicos/especializados de proximidade, os Servizos Educativos e Formativos, xerar unha Oferta de vivenda suficiente, axeitada, eficiente e accesible, a promoción do tecido asociativo, a participación e os valores democráticos nos territorios rurais, a promoción da identidade de pertenza. Incorporar a perspectiva de xénero e ter en conta o valor das mulleres nun rural dinámico integrador e acolledor, incluír os xovenes así como as persoas maiores e os novos poboadores que veñen de fora e por último fomentar una narrativa realista pero en positivo sobre as posibilidades do rural.

Todo elo debería incorporarse e verse reflexado nunha Estratexia impulsada desde o público e apoiada desde as iniciativas privadas que aceleren o desenvolvemento das capacidades de resiliencia dos nosos territorios rurais en Galicia.



9. ALGUNHAS REFERENCIAS PARA AMPLIAR O ANÁLISE POR SECTORES:

Por último entendemos que, aínda que non sexa obxecto do presente documento, é preciso abordar unha **análise específica por sectores** para identificar necesidades diferenciais entre eles para o que aportamos algunhas referencias:

9.1. SECTOR MAR:

Outro dos sectores primarios con amplos problemas no relevo xeracional é o sector do mar, en actividades pesqueiras ou acuícolas. A abordaxe neste caso expón non só coa redución na idade media dos profesionais do sector, senón tamén coa necesidade de dotar ás novas xeracións de coñecementos e ferramentas dixitais.

Para afrontar o desafío o Ministerio está a elaborar unha serie de [publicacións para recoller experiencias](#) no ámbito da substitución xeracional. Na edición de decembro de 2023 menciónanse dúas experiencias realizadas desde Galicia: a campaña “[Que non te lfen, ti elixes](#)” da [Xunta de Galicia](#) apoiada por [Fundamar](#) e a divulgación en redes sociais que fai a mariscadora de Cambados, [María Fontán](#).

[HTTPS://WWW.XUNTA.GAL/ES/NOTAS-DE-PRENSA/-/NOVA/019660/XUNTA-DESTACA-PAPEL-ESTRATEGICO-DEL-PROYECTO-RELEVO-GENERACIONAL-FUTURO-DEL-MAR](https://www.xunta.gal/es/notas-de-prensa/-/NOVA/019660/XUNTA-DESTACA-PAPEL-ESTRATEGICO-DEL-PROYECTO-RELEVO-GENERACIONAL-FUTURO-DEL-MAR)

El proyecto apuesta por la FP Dual, las visitas a centros, los embarques tutelados y acciones de sensibilización para acercar el sector a la juventud (2025)

La directora general de Desarrollo Pesquero, Ángeles V. Suárez, participó en la presentación del proyecto *Relevo Generacional: El futuro del mar*, una iniciativa promovida conjuntamente por los ocho Grupos de Acción Local del Sector Pesquero (Galp) de Galicia y cofinanciada por el fondo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca, y Acuicultura (Fempa), con una inversión total de 145.520 euros.

Proyecto, coordinado por el Galp Ría de Arousa, reúne por primera vez los ocho grupos en un programa conjunto que incluye acciones informativas y de orientación en centros educativos, visitas y prácticas en empresas y entidades del sector o actividades de sensibilización como campamentos marinos y materiales audiovisuales.

Además **Estrategia autonómica de promoción de la FP marítimo-pesquera**, reforzada en los últimos años con la ampliación de la oferta formativa, nuevas acciones de divulgación y el apoyo directo a las entidades del sector.

<https://www.galpriadepontevedra.org/2025/12/09/relevo-xeracional-o-futuro-do-mar/>



9.2. SECTOR GANDEIRO:

<https://revistaafrega.es/galicia-impulsa-una-nueva-escuela-de-pastores-para-profesionalizar-el-ovino-y-caprino/>

Sector ovino - caprino

[Galicia impulsa una nueva Escuela de Pastores para profesionalizar el ovino y caprino](#)

<https://revistaafrega.es/galicia-impulsa-una-nueva-escuela-de-pastores-para-profesionalizar-el-ovino-y-caprino/>

<https://revistaafrega.es/galicia-reforza-a-silvicultura-productiva-con-15-millons-ata-2027/>

INORDE – Centro agrogandeiro (Xinzo) – Escola de Pastoreo de Galicia (nueva ceración en 2025)

9.3. SECTOR FORESTAL

<https://revistaafrega.es/galicia-impulsa-una-nueva-escuela-de-pastores-para-profesionalizar-el-ovino-y-caprino/>

Nova línea de **axudas ata 2027 para silvicultura productiva (= 15 mill €)**. OBJ= mellorar a rendibilidade dos montes , a profesionalización do sector e avanzar cara aun modelo sustentable que combine producción protección ambiental e dinamización do rural.

As axudas apoian **tres liñas**:

CONIFERAS: MADEIRA DE CALIDADE COMO EIXO PRODUCTIVO 7 mill € bianual para potenciar a obtención de madeira de serra e madeira técnica de alta calidade.

FRONDOSAS AUTOCTONAS: PRODUCIR CONSERVANDO 6mill€ bianual para a xestión forestal activa das frondosas autóctonas.

SOUTOS DE CASTIÑEIRO: FROITO MADEIRA E TRADICION 2 mill bianual para recuperacion de soutos de castiñeiros. En coord co **Plan de Recuperación do Castiñeiro e da produción de castaña**.

PREVENCION DE INCENDIOS: [Ourense reforza a prevención de incendios con 12 tractores forestais](#)



9.4. SECTOR AGRÍCOLA:

<https://revistaafrika.es/galicia-impulsa-una-nueva-escuela-de-pastores-para-profesionalizar-el-ovino-y-caprino/>

https://www.antena3.com/noticias/economia/relevo-generacional-juega-huerta-gallega-poder-seguir-horticultura-hay-que-diversificar_20260222699b407e9243cc133c5d84ed.html

Plan de Relevo Xeracional no sector agrario de Galicia impulsado por Consellería de medio rural: Mais de 5.000 xóvenes incorporados desde 2009. (Combina axuda económica directa ademais de outras ferramentas pensadas para acompañar aos novos profesionais durante os primeiros anos de actividade (Acompañamento técnico os primeiros anos en cuestións técnicas económicas e administrativas)

Programa de tutorización y asesoramiento, “que desde su puesta en marcha en el año 2024 benefició ya a un total de 544 personas beneficiadas previamente con la ayuda para la incorporación: <https://www.campogalego.es/formacion-y-tutorizacion-como-medidas-para-apoyar-el-relevo-generacional/> : TOTAL 48 Tutores = 544 tutorizados desde 2024 / PRESUPUESTO: 2025= 400.000€ / 2026 = 850.000€

Además **FORMACION DE A RAMA AGRARIA** 6 centros de formación especializada en Galicia (Curso 2025-2026= 560 alumnado matriculado 9% más que el curso anterior)

Campo Galego 28/01/2026 9:12 am <https://www.campogalego.es/el-viii-foro-labrego-de-agroecoloxia-se-centrara-en-el-relevo-generacional/> (en este artículo nombra personas iniciativas ; se les puede pedir al SLG la documentación del Foro y/o grabaciones del Foro)

El VIII Foro Labrego de Agroecoloxía se centrará en el relevo generacional (feb 2026)

<https://www.campogalego.es/la-conselleira-del-medio-rural-destaca-que-desde-2009-mas-de-5000-jovenes-se-incorporaron-al-campo/>

<https://www.elprogreso.es/articulo/a-marina/slg-constata-todos-problemas-relevo-generacional-campo/202602081911451944351.html>

BANCO DE TERRAS: [chrome-extension://efaidnbmnnnibpcaipcgliclefndmkai/https://www.mapa.gob.es/ministerio/pags/biblioteca/fondo/pdf/13487_all.pdf](https://www.mapa.gob.es/ministerio/pags/biblioteca/fondo/pdf/13487_all.pdf)

BANCODE EXPLOTACIONES: favorece el contacto entre titulares de explotaciones que cesan -o van a cesar- su actividad e interesados en asumir su gestión, bien sea a través de la compra o de arrendamiento. Esta iniciativa se verá fomentada este año con una inversión específica de 2,1 millones de euros hasta 2029



10. REFERENCIAS NORMATIVAS SOBRE O TEMA:

- *Regulation (EU) 2021/2115 of the European Parliament and of the Council establishing rules on support for strategic plans to be drawn up by Member States under the common agricultural policy (CAP Strategic Plans) of 2 of december of 2021.* European Parliament and of the Council, 2021. Bruselas. <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/EN/TXT/?uri=CELEX:32021R2115>
- *Ley 19/1995, de 4 de julio, de Modernización de las Explotaciones Agrarias.* Jefatura del Estado, 1995. Madrid. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1995-16257>
- *Ley Orgánica 3/2007 para la Igualdad Efectiva de Mujeres y Hombres.* Jefatura del Estado, 2007. Madrid. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2007-6115>
- *Ley 45/2007 para el Desarrollo Sostenible del Medio Rural.* Jefatura del Estado, 2007. Madrid. <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2007-21493>
- *Ley 11/2021 Ley de Recuperación de la tierra agraria de Galicia.* Comunidad Autónoma de Galicia, 2021. Santiago de Compostela. <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2021-10669>
- *Real Decreto 1048/2022, de 27 de diciembre, sobre la aplicación, a partir de 2023, de las intervenciones en forma de pagos directos y el establecimiento de requisitos comunes en el marco del Plan Estratégico de la Política Agrícola Común, y la regulación de la solicitud única del sistema integrado de gestión y control.* Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, 2022. Madrid. <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2022-23048>
- *Orden de 2 de enero de 2024 publicada en el DOG N°15/2024, en la cual se establecen las bases reguladoras de las ayudas destinadas a la mejora de las estructuras de producción de las explotaciones agrarias.* Comunidad Autónoma de Galicia, 2024. Santiago de Compostela. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240122/AnuncioG0426-020124-0005_es.html



11. REFERENCIAS BIBLIOGRAFICAS DO PRESENTE DOCUMENTO:

[ESTRATEGIA DE RELEVO GENERACIONAL](#), 2022. Ministerio de Agricultura Pesca y Alimentación- Plan Estratégico de la PAC 2023-2027 en lo que se refiere al relevo generacional.

[O relevo xeracional no sector agrario galego; retos e oportunidades](#) Documento 44 / 2025 Edelmiro López Iglesias Francisco Ónega López Universidade de Santiago de Compostela

“Sembrando futuro: Estrategias para la Incorporación de Jóvenes al Sector Agropecuario”. Trabajo Fin del **Máster Universitario en Gobierno Local y Políticas Públicas Innovadoras USC** - Facultad de Ciencias Políticas y Sociales. 2023/2024 Autora: Cecilia Márquez Rodríguez Tutor: Dr. Ramón Bouzas Lorenzo

[Guía para apoiar as persoas novas entrantes na agroecoloxía](#) Grupo Operativo TERRACTIVA, 2024

[RELEVO XERACIONAL E IGUALDADE LABORAL](#): Xunta de Galicia. 2026

Parlamento Europeo. Informe sobre el relevo generacional en las futuras explotaciones agrícolas de la Unión Europea (UE), 2023.

Subgrupo de Trabajo dedicado al Objetivo 7 de la PAC 2023-2027, que se centra en facilitar la incorporación de jóvenes al sector agrícola, Informe sobre el plan estratégico de la PAC, 2021

Estratexia de relevo xeracional para o sector agrario no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 de España (PEPAC).

[ESTRATEGIA ULTREIA GALICIA – EMPRENDEMENTO LIGADO AO TERRITORIO](#)



12. PREGUNTAS PARA A MESA:

- Que patróns demográficos están a afectar de forma mais directa á xestión activa do territorio (envellecemento, masculinización, dispersión, perda de explotacións...)?
- Que relación observades entre perda de poboación e abandono ou infrautilización da terra?
- Que exemplos coñecedes de dinámicas positivas de instalación de persoas novas vinculadas á actividade agrogandeira ou alimentaria?
- Que outras experiencias coñeces que estean logrando atraer a persoas novas e activar economicamente o territorio?
- Que cambios serían necesarios para facer atractiva a xestión de terra como proxecto vital?
- Que peso real teñen as actividades agrarias e alimentarias na economía local e na xestión activa do territorio?
- Cales son as principais barreiras reais para a remuda xeracional nas empresas (en especial atención o sector agrogandeiro)
- Que factores son críticos para que unha persoa nova decida iniciar o continuar unha empresa / explotación / proxecto?
- Que papel xogan a formación, o acompañamento técnico e as redes de apoio nos primeiros anos?
- O acceso á vivenda e á terra está a actuar como limitante estrutural?
- Como pode a diversificación de actividades contribuír á resiliencia territorial fronte ao cambio climático?
- Que medidas terían maior impacto a curto prazo para reforzar poboación e actividade vinculada á xestión activa do territorio.
- Que accións poden activarse nos próximos 12 meses desde os actores presentes nesta mesa?



Foro Territorio Rural Resiliente

SANTIAGO DE COMPOSTELA 28/05/26

ORGANIZA



Fundación
Juana de Vega

USC LABORATE
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA LABORATORIO DO TERRITORIO

COLABORA



FUNDACIÓN
ROBERTO RIVAS



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA

RIA